

**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN**

*ACORDO do 10 de outubro de 2021, da Xefatura Territorial de Ourense, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, e a necesidade de urxente ocupación, a autorización administrativa de construción, o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e o estudo de impacto ambiental do proxecto do parque eólico Campos Vellos, situado nos concellos de Boborás e Beariz, da provincia de Ourense (expediente IN408A 2019/77).*

En cumprimento do disposto na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico; no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica; na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental; na Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia; e no artigo 33 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, e pola Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, e nas demais normas vixentes de aplicación, sométese a información pública a solicitude relacionada coas instalacións que se describen a seguir:

- Solicitante: Greenalia Wind Power Campos Vellos, S.L.U.; CIF: B70598693.
- Denominación do proxecto: parque eólico Campos Vellos.
- Concellos afectados: Boborás e Beariz (Ourense).
- Potencia que se vai instalar: 30 MW.
- Número de aeroxeradores: 6 x 5 MW de potencia nominal unitaria.
- Produción neta anual estimada: 103.303 MWh/ano.
- Orzamento total (execución material): 23.285.545,51 €.
- Localización: (coordenadas UTM, fuso 29 ETRS89).



Coordenadas que definen a poligonal do parque eólico:

Vértice	UTM-X	UTM-Y
1	561.136	4.705.342
2	560.792	4.704.298
3	561.352	4.700.751
4	562.351	4.699.359
5	564.350	4.701.267
6	564.374	4.704.340
7	563.535	4.705.048

Esta poligonal ocupa un total de 1.589,5 ha.

As coordenadas previstas en proxecto para os aeroxeradores e para o centro de seccionamento e control (CSC) son:

	UTM-X	UTM-Y
AE 01	563.754	4.703.391
AE 02	563.693	4.703.010
AE 03	563.798	4.702.560
AE 04	562.797	4.701.405
AE 05	563.070	4.701.278
AE 06	562.454	4.700.262
CSC	583.780	4.703.305

As coordenadas previstas en proxecto para a torre anemométrica son:

Torre	UTM-X	UTM-Y
Torre anemométrica	563.649	4.703.748

Características técnicas recollidas no proxecto:

– 6 aeroxeradores modelo SG 145 de 5 MW de potencia unitaria do fabricante Siemens Gamesa, cunha altura de buxa de 102,5 m, diámetro de rotor de 145 m, cos seus correspondentes centros de transformación, situados na propia nacelle dos aeroxeradores, con potencia unitaria de 5.000 kVA e relación de transformación de 0,69/30 kV.



– Rede eléctrica soterrada a 30 kV, de interconexión entre os centros de transformación dos aeroxeradores e o centro de seccionamento e control (CSC), composta por tres circuitos con condutores tipo RHZ1-OL 18/30 kV de sección 240 mm<sup>2</sup>: o circuito 1 para a interconexión dos aeroxeradores AE 04, AE 05 e AE 06, circuito 2 para os AE 03 e AE 02, o circuito 3 para o AE 01.

– Centro de seccionamento e control (CSC) do parque, PFU en envolvente de formigón monobloque, con celas de entrada e saída de liña a 30 kV, de protección con interruptor automático Inom 1250 A, e de medida de tensión, así como un centro de transformación para SSAA, de 50 kVA R/T: 30/0,4 kV, coas correspondente proteccións. Equipos de control do parque composto por PC e software tipo Scada para a supervisión local e remota de instalacións e de equipo de medida e facturación.

– Rede eléctrica soterrada a 30 kV, de interconexión entre CSC e a subestación colectora prevista anexa a subestación Beariz 400 kV, composta por dos ternas con condutores tipo RHZ1-OL 18/30 kV de sección 400 mm<sup>2</sup>.

O obxecto da información pública será a autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, a necesidade de urxente ocupación que iso implica, a autorización administrativa de construción, o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e o estudo de impacto ambiental das instalacións. A declaración de utilidade pública levará implícita, de acordo co artigo 56 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, a necesidade da urxente ocupación para os efectos da expropiación forzosa dos bens e dereitos afectados necesarios para o establecemento destas instalacións.

Documentación que se expón:

1. O proxecto de execución (asinado electronicamente 9.2.2021).
2. A relación concreta e individualizada dos propietarios de bens e de dereitos afectados (RBDA-outubro 2021).
3. Planos parcelarios (RBDA-outubro 2021).
4. O estudo de impacto ambiental (EIA) (revisión de febreiro de 2021).
5. O proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (asinado electronicamente o 9.2.2021).



O que se fai público, de conformidade co artigo 33.10 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, para o coñecemento xeral, así como, en particular, dos propietarios dos predios que figuran nas relacións anexas a este acordo, e das persoas que, sendo titulares de dereitos reais ou intereses económicos sobre os bens afectados, fosen omitidas, para que poidan examinar a documentación técnica anteriormente relacionada e, se for o caso, presentar as alegacións ou observacións que coiden oportunas dentro do prazo de trinta (30) días, que se contará a partir do día seguinte ao da última publicación deste acordo.

Toda a documentación pódese examinar na Xefatura Territorial da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación en Ourense, rúa Curros Enríquez, nº 1, 32003 Ourense, e na seguinte ligazón web da consellería:

<https://ceei.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalacions-de-xeracion>

A documentación sometida a información pública estará tamén dispoñible, durante o sinalado prazo, nas dependencias da Xefatura Territorial de Ourense da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Ourense, 10 de outubro de 2021

Pablo Fernández Vila  
Xefe territorial de Ourense





ANEXO

**Relación de bens e de dereitos afectados polo parque eólico Campos Vellos (expediente IN408A 2019/77) nos concellos de Boborás e Beariz (Ourense)**

Proxecto: parque eólico Campos Vellos.

Entidade beneficiaria: Greenalia Wind Power Campos Vellos, S.L.U.

Concellos: Beariz e Boborás.

Predio	Propietario	Parcela				Afeccións (m²)								
	Titularidade proposta	Datos catastrais		Lugar	Cultivo	Pleno dominio			T. meteo	Servi. de paso		Servi. voo	Ocupac. temp. (amoreamentos)	
		Pol.	Parc.			Cim.	Plat.	CSC		Vía	Gabia			
Concello de Beariz														
1	Veciños de Magros (rep. José Francisco Lamas Valiñas)	003	00009	Monte Pena Marela	Matogueira/improdutivo	346	5.268				2.132	672	12.634	
2	Veciños de Magros (rep. José Francisco Lamas Valiñas)	003	00004	Monte Pena Marela	Matogueira/improdutivo						1.436	1.958		
3	Veciños de Magros (rep. José Francisco Lamas Valiñas)	003	00003	Monte Pena Marela	Matogueira						148			
4	Veciños de Magros (rep. José Francisco Lamas Valiñas)	003	00005	Monte Pena Marela	Matogueira		25				1.516	1.398	629	
5	Veciños de Magros (rep. José Francisco Lamas Valiñas)	003	00014	Monte Pena Marela	Matogueira		121				952	698		
6	Veciños de Magros (rep. José Francisco Lamas Valiñas)	005	00001	Monte Marcofán	Matogueira/improdutivo	692	13.642				6.547	2.236	20.895	
Concello de Boborás														
7	CMVMV Sonelle (presidenta Anita Lugo López)	048	01107	Costa	Matogueira/piñeiral madeirable/improdutivo	346	5.963				15.470	8.322	13.427	
Concello de Beariz														
8	Veciños de Magros (rep. José Francisco Lamas Valiñas)	005	00002	Monte Marcofán	Matogueira/improdutivo							3.042		



Predio	Propietario	Parcela				Afeccións (m <sup>2</sup> )							
	Titularidade proposta	Datos catastrais		Lugar	Cultivo	Pleno dominio			T. meteo	Servi. de paso		Servi. voo	Ocupac. temp. (amoreamentos)
		Pol.	Parc.			Cim.	Plat.	CSC		Vía	Gabia		
Concello de Boborás													
9	CMVMV Sonelle (pdta. Anita Lugo López)	047	01154	Campos Vellos	Matogueira/piñeiral madeirable/improdutivo	692	12.909	301		2.379	1.198	19.640	97
10	CMVMV Sonelle (pdta. Anita Lugo López)	047	01544	Lombao	Matogueira					252	2.210		
11	CMVMV Sonelle (pdta. Anita Lugo López)	047	01500	Rego de Cerdeira	Matogueira				529	1.124	14		
12	CMVMV Sonelle (pdta. Anita Lugo López)	049	0159	Coto	Matogueira					100			
13	CMVMV Sonelle (pdta. Anita Lugo López)	049	0158	Coto	Matogueira					73			
Concello de Beariz													
14	Comunidade de Montes en Man Común de Muradás	007	00001	Monte Chancela	Piñeiral madeirable/carballo/matogueira						4.218		